

PLAN DE IGUALDADE

CEIP BARRIÉ DE LA MAZA

CURSO 2019/2020

1.) INTRODUCCIÓN

Educar é proporcionar unha formación integral que permita ás nenas e aos nenos unha formación plena e igualitaria que lles axude a configurar a súa identidade, así como a construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral.

O noso modelo educativo irá encamiñado a coeducar é dicir: educar sen diferenciar as mensaxes en función do xénero.

A coeducación preséntase como unha das ferramentas para poder acabar coa desigualdade, sendo a escola un lugar excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade da estruturas e das prácticas sociais non desexables; o que ocorre na escola é un reflexo da sociedade. Cómpre ter en conta que as aulas son diversas, pero ás veces esa diversidade, como é o caso da afectivo-sexual, non se visibiliza nin se respecta, senón que se rexeita por contravir “ o correcto “ e o “normal” de aí a necesidade de traballar a diversidade desde a escola.

A coeducación será unha marca de identidade do noso Proxecto Educativo.

É preciso prestar atención ao proceso educativo de convivencia, onde se valoren de maneira igualitaria as capacidades, os intereses e as achegas das nenas e dos nenos e favorecer as relacións de igualdade e de respecto.

O nomeamento dunha persoa en materia de igualdade no Consello Escolar axudará a trasladar estas medidas e a análise da situación máis alá do propio centro.

Recolleranse nas NOFC medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.

É importante que o profesorado e o centro, dunha maneira consciente, incorporen na práctica diaria a coeducación de maneira transversal e que esta impregne a vida do noso centro, sen esquecermos de desenvolver actuacións específicas, relacionadas coa igualdade e a prevención da violencia contra as mulleres. Estas actividades irán encamiñadas a traballar diferentes temáticas : prevención precoz do sexismo, prevención e intervención en casos de violencia de xénero, prevención da violencia sexual, saberes libres de estereotipos de xénero, visibilización curricular das mulleres, historia da conquista dos dereitos das mulleres, identificación de estereotipos no material didáctico, uso da linguaxe non sexista, xestión coeducativa dos espazos escolares, deconstrución da masculinidade tradicional, resolución pacífica dos conflitos con perspectiva de xénero, traballo colaborativo e non competitivo, corresponsabilidade nas tarefas, orientación vital

libre de estereotipos, educación afectivo-sexual, diversidade afectivo-social, fenda de xénero no ámbito educativo, orientación sexual, prevención da LGTBIfobia, etc.

Concretaremos os obxectivos coeducativos a través de todos os documentos do centro (plans, proxectos, iniciativas...), e serán difundidos entre os membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización e implementación .

2.) CONTEXTUALIZACIÓN

O plan de igualdade do noso centro constitúe unha das canles para a transmisión de valores que permitan ao noso alumnado adquirir desexos de converterse nun elemento fundamental na transformación social na que o xénero non sexa un motivo de discriminación, tendo especialmente en conta o grave problema social da violencia de xénero, forma extrema de desigualdade, de aí a importancia de que sexa tratado dende os primeiros anos de escolarización, unha educación que promova o respecto e a igualdade.

Ten que ser tamén a integración e a normalización da diversidade afectiva e sexual. Debemos potenciar unha educación tolerante, igualitaria e integradora que non impoña un modelo uniforme de sexualidade como predominante. Nós temos a posibilidade de contribuír aos procesos de socialización do alumnado evitando estereotipos sexistas.

Debemos loitar para romper os valores sociais e culturais tradicionais que outorgan determinadas características e calidades “propias de cada sexo”, asociadas á condición de ser muller e ser home.

Os nosos principios educativos deben seguir:

A Transversalidade: a igualdade de xénero como principio transversal sempre presente na actividade educativa.

Obxectivo Violencia 0 nas aulas e na sociedade: sensibilizar e concienciar do problema da violencia de xénero e loitar pola súa discriminación.

Inclusión e integración da diversidade: aceptar a diversidade sexual e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa sen que inflúa a súa opción afectiva e sexual.

No ámbito internacional, diversas normas sinalan a importancia de velar polo principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Para as Nacións Unidas o principio de igualdade de dereitos converteuse nun principio de carácter transversal que debe ser garantido en tódolos ámbitos.

O 18 de decembro de 1979 os estados membros da ONU, estableceron na Convención sobre a Eliminación de todas as formas de Discriminación contra a Muller que as autoridades educativas deben asegurar a igualdade entre as mulleres e homes.

O Tratado de Ámsterdam, 1 de maio de 1999 segue establecendo esta prioridade.

A Constitución Española no seu artigo 14 sinala “ a igualdade ante a lei por razóns de sexo”. O artigo 9.2 “ obriga aos poderes públicos para que sexa real e efectiva “.

O artigo 1 da LOE recórdanos o desenvolvemento na escola dos valores que fomentan a igualdade entre mulleres e homes, así como a prevención da violencia de xénero.

A Lei Orgánica 3/2007 para a Igualdade Efectiva de mulleres e homes no seu artigo 23 establece “ igualdade de oportunidade entre mulleres e homes” e no artigo 24 “ a integración no principio de igualdade na política de educación “...

O Decreto 2/2015 do 12 de febreiro no artigo 17: establece non admitir contidos ,metodoloxías, criterios de avaliación, transmisores directa ou indirectamente dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro. Establécese tamén:

- Enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano.
- Fomento de vocacións femininas naquelas áreas de pouca representación.
- A adquisición entre alumnas e alumnos da capacidade para atender as súas propias necesidades domésticas e os labores familiares compartidos.
- Incluíranse tamén no centro:
 - o Obxectivos coeducativos concretos no Plan de Convivencia (accións encamiñadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e previr a violencia de xénero e a LGBTIfobia).
 - o Obxectivos coeducativos no Plan de Acción Titorial.

Unha vez feita unha análise dos diferentes documentos do centro detectamos en canto a:

Plan de Convivencia: aparecen establecidos obxectivos reflectidos no Decreto 330/2009 do catro de xuño e no Decreto 105/2014 de 4 de setembro, polo que se establece o currículo de EP e que fan referencia, entre outros, a necesidade de manter unha actitude tolerante, asertiva e contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas

Establécese tamén un compromiso para que toda a comunidade educativa adopte unha actitude de colaboración na prevención da violencia de xénero e para fomentar a igualdade real entre mulleres e homes.

Séguese a Lei 11/2007 do 27 de xullo para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e na Lei 7/ 2004 do 16 de xullo para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Seguiremos coas medidas adoptadas no Plan de Convivencia do centro para a promoción de actividades para a igualdade entre mulleres e homes e a prevención da violencia de xénero.

Fáltanos incluír como obxectivo a prevención da LGBTIfobia e o fomento de actividades que permitan coñecer, respectar e entender as necesidades e os dereitos das persoas LGBTI.

Nas NOFC: faise referencia como conduta grave os actos de discriminación contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual..., aínda que debemos incluír medidas relativas á prevención destes actos, polo que se revisarán as NOFC para dar unha mellor resposta a esta necesidade.

No Plan de Acción Titorial: non aparece claramente reflectido como tratar o tema da violencia de xénero e a LGBTI fobia, polo que será modificado para incluílo. Coxunturalmente vanse trasladando iniciativas para o tratamento en materia de igualdade desde o Departamento de Orientación, a CCP, o Equipo de dinamización da Convivencia, os Equipos de Nivel e Ciclo...

No PEC: dentro do PEC establecemos coma un dos sinais de identidade do noso centro o carácter non sexista do mesmo: “ enriquecémonos valorando e apostando pola coeducación e a educación na igualdade de xénero”. Falta reflectir con maior claridade a igualdade de xénero e como previr a violencia de xénero e a LGBTIfobia.

3.) ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIfobia

A fase de diagnóstico é imprescindible para coñecer a situación do centro en relación á igualdade entre mulleres e homes. Para diagnosticar, é necesario observar e analizar o centro no seu conxunto prestando especial atención ás relacións, condutas e actitudes que teñen lugar nel, non unicamente entre o alumnado, senón tamén entre o profesorado o persoal de administración e servizos, sen esquecer ás familias do

PLAN DE IGUALDADE

alumnado. En xeral, trataremos de recompilar información sobre diversos aspectos do entorno educativo no que se desenvolve a vida escolar e analízalos desde a perspectiva de xénero.

A importancia do diagnóstico radica nos resultados que se obteñan do mesmo, xa que en función destes, axustaranse con posterioridade os obxectivos do plan de igualdade inicial.

Partimos neste momento concreto, no centro, do traballo do DO, da CCP, do equipo de dinamización da convivencia, dos equipos de nivel e ciclo e dos órganos unipersoais. Cómpre tomar conciencia para empoderar ás mulleres en todos os ámbitos da vida (persoal, profesional, social...) e romper cos diferentes micromachismos e machismos existentes na sociedade, no día a día, na casa e particularmente no centro na prol dunha nova masculinidade comprometida ca igualdade.

Pretendemos trasladar a opción de ser críticas e críticos analizando a publicidade, a música, os libros, o cine, o uso dos espazos, dos tempos, das expectativas, ambicións, roles...

No noso entorno escolar incorporamos a igualdade en todas as actividades incluídas no Proxecto Deportivo de Centro, na colaboración das nenas e nenos no comedor escolar, nas actividades complementarias e extraescolares, nos traballos en equipo..., independentemente do xénero.

Existe representación feminina no equipo directivo (dúas mulleres e un home), así como no claustro e no consello escolar, mais debemos ter en conta que a maioría feminina no maxisterio responde a unha concepción machista dos roles.

Os usos das instalacións do centro son comúns para todas e todos, aínda que aquí si observamos comportamentos machistas no uso das pistas deportivas para xogos con balón, onde as nenas quedan relegadas a paseos ou conversas por corredores e esquinas do patio.

Existen tamén machismos e micromachismos no uso da linguaxe tanto no alumnado como no profesorado.

Xa dende o inicio da escolarización en infantil apréciase un claro agrupamento de nenas por un lado e nenos por outro cando se lles da liberdade para organizarse, por exemplo nas ringleiras de comedor, en formación de equipos de traballo...

En canto á participación das familias no centro, actividades, charlas informativas, horas de titoría..., unha altísima porcentaxe das que acoden ao centro son as nais ou titoras legais, reflectindo o que ocorre na sociedade coa gran discriminación que sofren as

PLAN DE IGUALDADE

mulleres (dedican un maior número de horas que os homes nas tarefas familiares e do coidado das fillas e fillos).

Composición do centro (número de mulleres e número de homes)

Composición do equipo directivo: **2 mulleres e 1 home**

Composición del profesorado: **27 mulleres e 6 homes**

Composición del alumnado por curso:

	NENAS	NENOS
4º EI	17	22
5º EI	17	28
6º EI	21	23
1º EP	26	22
2º EP	18	24
3º EP	22	27
4º EP	15	19
5º EP	21	12
6º EP	21	31

Apréciase na matrícula maioría de nenos.

Composición do persoal de administración e servizos: **11 mulleres e 1 home.**

Composición da ANPA: **5 mulleres e 1 home.**

Composición do Consello Escolar : **10 mulleres e 3 homes.**

Datos sobre absentismo escolar: **2 mulleres e 0 homes.**

Linguaxe sexista:

Mediante a xeralización do masculino como unha categoría universal e neutra que integra a homes e mulleres, estas quedan excluídas e vólvense invisibles. As razóns que se dan de economía da linguaxe non se sosteñen, xa que a linguaxe é o vehículo a través do cal se produce a comunicación entre os seres humanos e se transmiten o conxunto de valores dunha sociedade, a utilización dunha linguaxe inclusiva e igualitaria cara as mulleres faise fundamental para conseguir a igualdade efectiva.

No ámbito que nos ocupa, observamos que en canto á linguaxe oral aínda non se emprega a diferenciación nena e neno nunha alta porcentaxe. Estamos traballando para mellorar o uso sexista da linguaxe, sobre todo co profesorado, exemplo ao que seguen as alumnas e alumnos. Consideramos moi interesante que o profesorado realice un autodiagnóstico sobre a linguaxe que usa na clase. Podemos gravarnos, pedir a unha compañeira ou compañeiro que nos observe...

En canto á linguaxe escrita nos documentos oficiais, na carteis, no taboleiro de anuncios emprégase a diferenza muller-home no uso da linguaxe. Cando se detecta algún erro corríxese o antes posible.

Uso desigual de espazos e tempos.

Nas actividades non dirixidas polo profesorado os nenos ocupan máis espazo que as nenas no noso centro. As pistas deportivas están cheas de nenos e as nenas paseando ou son relegadas a zonas menos amplas e en xogos máis estáticos.

Nas actividades extraescolares organizadas pola ANPA ou outras entidades as nenas maioritariamente asisten a baile, debuxo etc., reservándose maioritariamente o fútbol para os nenos, por exemplo.

Isto demostranos que no centro o noso alumnado é o resultado dunha cultura na que se asignan unha serie de calidades, actitudes e aptitudes ás persoas en función do sexo.

Enviaranse cuestionarios diferentes para analizar máis detalladamente a situación no centro: un para familias, outro para o profesorado e outro para o alumnado.

Análise do material didáctico utilizado desde a perspectiva de xénero.

Os materiais didácticos son unha das principais canles de socialización, a través do seu contido amosan un tipo de sociedade coa que o alumnado tende a identificarse e a construír a súa identidade.

Se estes materiais ofrecen imaxes estereotipadas e sexistas, o alumnado interioriza estes estereotipos e os roles de xénero mantéñense e prolóngase no centro.

Consideramos indispensable unha análise dos materiais didácticos empregados, desde unha perspectiva de xénero.

Empregaremos ferramentas que faciliten a observación e a análise do material didáctico (fichas de observación) que propoñan analizar nunha ou en varias páxinas dunha unidade do material o seguinte:

- as actividades representadas (quen fai que?)
- actitudes asumidas polos personaxes.
- roles representados (que roles representan os personaxes femininos e os masculinos) a linguaxe (se se fai un uso sexista da mesma).

Actitudes e valores

En relación ás actitudes e valores sobre a igualdade de xénero, é importante determinar o grao de sensibilización e o punto de partida do profesorado, do alumnado e das familias.

Esta información permitirá determinar que actividades deben poñerse en marcha para sensibilizar en maior ou menor grao á comunidade educativa sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Para a observación e análise de las actitudes e valores que predominan entre as persoas que forman parte do centro educativo , propoñeremos cuestionarios, entrevistas, actividades de discriminación afectiva...

Situacións de discriminación e violencia

É fundamental coñecer a existencia de situacións de discriminación e violencia que existen no centro. O libro de rexistro de incidencias permítenos reflectilas e tomar decisións para resolvelas, pero debemos estar atentos a aquelas que quedan ocultas dentro da rutina diaria do centro ou amosan unha presenza sutil.

A súa identificación e resolución pacífica son necesarias para evitar as consecuencias negativas no alumnado vítima das mesmas. Neste punto é fundamental que exista unha comunicación fluída entre profesorado, alumnado e familias; a acción titorial é de vital importancia neste tema.

4.) PRINCIPIOS ORIENTADORES DO CONTIDO E OBXECTIVOS COEDUCATIVOS

Os contidos a tratar no plan de igualdade fan referencia a:

- Igualdade entre mulleres e homes.
- Non discriminación.
- Respecto dos dereitos e liberdades fundamentais das mulleres e homes.
- Empoderamento.
- Transversalidade das actuacións que contempla el Plan de Igualdade.
- Educación na diversidade.
- Participación de toda a comunidade educativa (persoal do centro, docente e non docente, alumnado e familias).
- Corresponsabilidade.
- Uso da linguaxe e materiais curriculares non sexistas e inclusivos.
- Resolución pacífica de conflitos.

Partindo destes principios orientadores, xorden un conxunto de liñas estratéxicas de actuación.

a) Estereotipos e roles de xénero, actitudes valores sexistas

O obxectivo que se persegue é a exclusión, no ámbito educativo de aqueles valores e actitudes que tradicionalmente propician una invisibilización das mulleres, primando os valores masculinos. Trátase de substituír estes estereotipos, tan arraigados na nosa sociedade por uns valores nos que homes e mulleres sexan igualmente valorados e valoradas, cada cal na súa diferenza, a través do recoñecemento á mesma e o respecto.

b) Uso da linguaxe inclusiva

A linguaxe inclusiva e non sexista é un dos valores nos que debe estar baseado calquera modelo de intervención educativa. Por iso dentro desta liña de actuación estratéxica tratarase de visibilizar as situacións nas que se fai un uso sexista da linguaxe para concienciar á comunidade educativa e explicar as consecuencias que, aínda que parecen non ter importancia, implican o uso deste tipo de linguaxe.

c) Uso equilibrado de espazos e tempos

O uso equilibrado de espazos e tempos ten unha importancia fundamental á hora de evitar situacións de desigualdade que traen consigo situacións de discriminación. Faise necesaria a planificación de actividades que vaian dirixidas dentro e fóra do ámbito escolar, ao uso compartido e equitativo de espazos para que nenas e nenos poidan exercer os seus dereitos e desenvolver as súas capacidades sen restricións de ningún tipo.

d) Materiais didácticos de educación en igualdade

Unha das bases estratéxicas fundamentais para desenvolver o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes é a introdución de materiais educativos neutros, libres de estereotipos e valores sexistas que eviten a reprodución do tradicional modelo que provoca a desigualdade entre os sexos, así como a análise crítica dos que poidan prevalecer.

e) O centro: espazo de relación, espazo de paz

O principio de non violencia aséntase no respecto á diferenza e na aplicación de métodos de solución pacífica de conflitos. Prestarase especial atención á violencia de xénero. A adquisición dunhas habilidades sociais que favorezan a empatía, o recoñecemento das emocións, a tolerancia e a asertividade para o establecemento de relacións positivas.

4.1. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS

1. Promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

A finalidade é afianzar as bases dende a infancia para que a convivencia en igualdade entre mulleres e homes sexa unha realidade. Procurarase dende o inicio da escolarización o desenvolvemento e as relacións libres de prexuízos e estereotipos de xénero.

No ámbito educativo e no noso colexio en particular, promoverase a igualdade de xénero incidindo na importancia de que se transmita unha imaxe plural, non estereotipada

de mulleres e homes a través da lectura, cine, música, visibilización de mulleres de éxito en todos os ámbitos, especialmente no científico-tecnolóxico...

Analizaremos de xeito crítico as mensaxes e imaxes que se transmiten das nenas, das mozas e das mulleres adultas, a través de diferentes medios.

Impulsaremos a participación equilibrada de nenas e nenos nos distintos roles.

Mobilizaremos a conciencia cidadá a favor da igualdade efectiva entre homes e mulleres a través das familias facéndoas partícipes das actividades do centro, para traballar todos os ámbitos: persoal, familiar, social e laboral.

2. Previr, detectar e intervir en casos de violencia de xénero.

A educación é o ámbito que debe promover cambios que favorezan relacións igualitarias entre as persoas e que traslade acabar con todo tipo de discriminación.

As accións encamiñadas a desterrar a violencia de xénero deben empezar por accións preventivas, formuladas desde unha perspectiva positiva de aprendizaxe, perspectiva coeducativa “, desterrando formas de maltrato sutil como os micromachismos e diferencias por omisión, uso de obxectos, acceso ao xogo...

Fomentaremos unha educación en valores iguais para nenas e nenos, mulleres e homes, libre de estereotipos de xénero.

Desenvolveremos un contexto de respecto, favorable ás relacións democráticas e igualitarias, onde se combate calquera mostra de violencia de xénero.

Integraranse nos contidos curriculares, a igualdade, a loita contra o sexismo, unha educación dos afectos e das emocións e a resolución pacífica dos conflitos.

3. Promover o respecto pola diversidade afectivo-sexual.

Promoverase o respecto á diversidade afectivo-sexual, a tolerancia e a non discriminación desde a nenez.

Tratarase as diferentes identidades LGBTI con naturalidade, favorecendo a normalización e inclusión, fomentando actitudes de respecto ás diferencias e procurando unha achega conceptual adaptada ás diferentes idades, especialmente no relativo á identidade sexual. Adaptándonos á idade do alumnado co obxectivo de acabar cos estereotipos de xénero promovendo valores democráticos de solidariedade e inclusión.

A educación na diversidade formúlase como a clave do noso Plan de Igualdade, entendendo a diversidade de maneira transversal, en cada un dos aspectos da vida cotiá e traballando o respecto á diferenza e a diversidade como a capacidade de ofrecer a cada membro do alumnado aquilo que necesita no momento en que o necesita.

Manteremos o compromiso firme de normalizar a diversidade para adquirir actitudes de respecto e tolerancia a través de dinámicas de igualdade que senten as bases na formación de futuras e futuros cidadás e cidadáns onde a normalidade constitúa a aceptación da diferenza.

4. Previr, deter e intervir en casos de LGTBIfobia

Como comunidade educativa debemos traballar na prevención, detección e erradicación do acoso por homofobia e transfobia, pero tamén en promover o libre desenvolvemento da personalidade de cada persoa, fomentando o respecto pola diversidade sexual, familiar, de identidade de xénero, ao mesmo tempo que se traballan e se celebran todas as diversidades.

Basearémonos en aspectos tales como:

- a) Sacudir os prexuízos.
- b) Coidar a linguaxe.
- c) Respetar o desexo de cada persoa a ser tratada no xénero co que se identifica.
- d) A diversidade é positiva: construiremos unha escola na que todas as persoas encontren recoñecemento e respecto.
- e) Cuestionarémonos os estereotipos.
- f) Respetaremos a intimidade e a confidencialidade, respectando os tempos e procesos das persoas.

5.) MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN

5.1 ORGANIZACIÓN DO CENTRO

- Favorecer a representación de mulleres e homes nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- Nomear unha persoa en materia de igualdade no Consello escolar para participar no impulso do Plan de Igualdade.

PLAN DE IGUALDADE

- Difundir o plan entre os diferentes axentes da comunidade (con especial atención ás familias).
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade. (ENAPAS, Contratos-programa (Convive, Iguala-te...))
- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.
- Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar
- Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Promover pautas para actualizar e revisar o material didáctico con perspectiva de xénero.
- Participar en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación (contratos-programa).

5.2 ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero,...
- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección de contidos, de imaxes, de linguaxe, de propostas de actividades...).
- Realizar actividades de sensibilización na aula.
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.

5.3 XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E DAS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO

- Difundir información a través dun taboleiro no centro
- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar (maletas viaxeiras pola igualdade e a inclusión , cedidas polo CAFI).
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero.(foco nas empresas).

PLAN DE IGUALDADE

- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara a igualdade real.
- Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión.(Patios inclusivos).
- Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
- Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual.
- Previr o acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero.
- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, de coidado...
- Apoiar o feminismo e promover o empoderamento da muller.

5.4 INCLUSIÓN DOS VALORES EDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR

- Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.
- Promover o coidado entre persoas, do medio ambiente..
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- Promover metodoloxías activas, participativas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización de tarefas.
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.

6.) PLAN DE ACTIVIDADES PARA O CURSO 2019-2020

Contidos.

- Factores de risco ante o maltrato e a violencia de xénero: sexismo interiorizado, mitos de amor romántico.
- Factores de protección: Información e concienciación sobre la violencia de xénero, percepción do abuso e maltrato.
- Análise de situacións de maltrato a mulleres a través do visionado de películas, lecturas de artigos, audicións musicais, etc.

PLAN DE IGUALDADE

- Concienciación e rexeito da violencia contra a muller.
- Análise e corrección da linguaxe sexista no entorno familiar, escolar e social.
- Detección e reflexión sobre los estereotipos sexistas en medios de comunicación e publicidade.
- Protocolo de actuación en centros escolares ante casos de violencia de xénero.
- Análise e detección de calquera tipo de maltrato e abuso, especialmente o bullying ou acoso escolar.
- Posta en valor de contribucións únicas de mulleres ao longo da historia e as súas aportacións máis destacadas.
- Valoración positiva de mulleres da actualidade que destaquen polas súas calidades e logros.
- Posta na relevancia das mulleres do día a día. Recoñecemento do valor das mulleres do noso entorno máis próximo.
- Análise da corresponsabilidade no fogar
- Uso dunha linguaxe coeducativa.
- Desenvolver un trato igualitario entre homes e mulleres en diferentes ámbitos.

Calendario de actuacións:

As actuacións sinaladas desenvolveranse ao longo de todo o curso 2019-2020, algunhas terán unha data concreta, fundamentalmente as complementarias e extraescolares. Conmemoraremos unha serie de datas relevantes dentro do marco da igualdade de xénero, aínda que tamén este calendario se pode ver modificado con outras actividades que vaian xurdindo ao longo do curso.

A nosa proposta está aberta á ampliación e modificación, en función do resto de compoñentes da comunidade educativa, profesorado, alumnado, familia, axentes sociais... A súa colaboración é indispensable para conseguir os obxectivos que nos marcamos neste proxecto.

a) Primeiro trimestre

- Participar nos Contratos- Programa (Convive, Iguala-T, Incluí-T)
- Actividades entorno ao 25 de novembro, Día internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero (análise da publicidade sexista, impacto con carteis no centro, Día 25 (creación dun mural, cemiterio cheo de novas e titulares sobre a violencia

de xénero). Impacto visual, concienciación reflexionando con anterioridade, análise das novas elixidas.

- Maletas viaxeiras pola Inclusión e a Igualdade (textos coeducativos para traballar esta temática. Estarán no centro do 12 de novembro ao 12 de decembro.
- Actividades de inclusión lingüística.
- Actividade en colaboración co Concello.
- Recomendacións a través do equipo de Convivencia para un uso non sexista da linguaxe. Reflexión e toma de conciencia.
- Muller e discapacidade.

b) Segundo trimestre

- Día da Non Violencia e a Paz (30 de xaneiro).
- Día Internacional da Muller (8 de marzo). As mulleres xalleiras e o papel da muller no ámbito científico. Tentaremos ofrecer as nenas exemplos de mulleres que traballen no ámbito tecnolóxico e científico.
- Rompendo estereotipos. Roles sexuais establecidos. Análise de documentos didácticos, da súa realidade familiar,...
- Novas masculinidades.

c) Terceiro trimestre

- Camiñando en igualdade, cooperación, corresponsabilidade e igualdade en diferentes ámbitos: educativo, laboral, familiar.

En cada actuación lanzaranse propostas de actividades, desde os diferentes equipos, que utilicen diferentes linguaxes: musical, plástico, visual, oral, escrito..., tales como análise de cancións, realización de murais ou traballos plásticos, visionado de películas, lectura e estudo de artigos, análise dos contos clásicos, talleres de educación afectiva e emocional, debates...

Asentaremos o principio de non discriminación de persoas e fomentaremos comportamentos de participación, reflexión, responsabilidade, solidariedade e tolerancia. Ademais, colaboraremos no obxectivo último que se persegue en todo centro escolar que se pode resumir coa expresión "crear cidadáns".

7.) SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O plan de igualdade, debe establecer desde a súa idea inicial, un sistema de seguimento e avaliación que permita coñecer con detalle os resultados obtidos na posta marcha do proxecto.

A efectos prácticos, as preguntas que debemos contestar son as seguintes:

1. Que será avaliado?
2. Que tipo de avaliación se vai levar a cabo e con que ferramentas?
3. Que persoa ou persoas realiza/n a avaliación?

1. Que será avaliado?

Trátase de especificar o obxecto da avaliación. O obxecto principal da avaliación é o Plan de Igualdade. Estableceranse indicadores para avaliar:

- O alumnado: poden estudiarse distintas variables, como son actitudes, participación activa, interese e motivación e o grao de consecución dos obxectivos formulados.
- O profesorado: pode atenderse ao traballo realizado, implicación, participación e grao de consecución dos obxectivos .
- As actividades: pode avaliarse o grao de adecuación da actividade ou actividades formuladas ao alumnado e ao entorno sociocultural e ao el grado de adecuación das actuacións para a consecución dos obxectivos.
- Materiais e recursos: as variables de estudio poden estar relacionadas coa calidade e uso dos materiais recollidos e elaborados.

Nalgúns casos a avaliación requirirá tamén a implicación das familias.

2. Que tipo de avaliación se vai levar a cabo e con que ferramentas?

En función do momento en que se realice a avaliación, pódense establecer distintos tipos. É desexable que a avaliación se leve a cabo en tres momentos, o que permitirá obter conclusións máis precisas:

a) Avaliación inicial

Obtivemos información sobre a situación de partida a través da observación, da análise de documentos, das comunicacións do centro etc., e queda pendente o paso de cuestionarios a alumnado, profesorado e familias.

b) Avaliación intermedia

Por avaliación intermedia enténdese a valoración que se fai de cada unha das actividades comprendidas no Plan de Igualdade.

As ferramentas para a avaliación intermedia serán:

- Fichas de rúbrica: permiten recoller la valoración do profesorado en relación a un conxunto de criterios sobre a execución da actividade. Permiten valorar cuantitativamente conceptos subxectivos.
- Cuestionarios de satisfacción do alumnado participante: este cuestionario, moi curtos e sinxelos co obxectivo de recoller a opinión do alumnado en relación ao contido e desenvolvemento da actividade.
- Sería recomendable usar un diario de clase onde o profesorado formula preguntas sobre a actividade proposta, preguntas tales coma: Que lles gustou?, Que funcionou?, Que non funcionou?, Que podo facer para mellorar a actividade?, Que aprendín?, Como o aprendín?, Que entendín ?, Que non entendín?, ...

c) Avaliación final

A avaliación final serve para detectar posibles deficiencias e pensar en propostas de mellora.

Empregaremos indicadores orientados a contabilizar o número de actividades planificadas e executadas, horas empregadas, transversalidade no currículo, no desenvolvemento do plan de igualdade, etc.

3. Quen realiza a avaliación?

Será responsabilidade de todo o profesorado, axudados polo equipo de convivencia.

Tamén é moi interesante contar coa participación do propio alumnado no proceso de avaliación, xa que a súa participación activa facilita a autoavaliación de aprendizaxes derivadas da avaliación final.

Como seguir?

PLAN DE IGUALDADE

Unha vez que se recolla toda información o equipo directivo en colaboración co equipo de convivencia fará conclusións sobre o grao de consecución dos obxectivos formulados, participación das persoas implicadas, etc.

Reflectirase como un documento na memoria final do curso. Para este documento seguirase a seguinte estrutura:

- Introducción
- Obxectivos da avaliación
- Accións desenvolvidas
- Resultados obtidos
- Conclusións
- Propostas de mellora e accións futuras
- Difusión da memoria final á comunidade educativa.

INFORME DO CONSELLO ESCOLAR.

O Consello Escolar, en sesión extraordinaria celebrada o 27 de novembro de 2019, acordou emitir informe favorable ao presente Plan de Igualdade o curso escolar 2019-2020.

Santa Comba, 27 de novembro de 2019.


A Directora.



Asinado: Mª Dolores Nieto Caamaño



O Secretario



Asinado: César Ramos Domínguez